

OLGA PATIÑO
NOGUEIRA

Nicanor Parra: o deus-ateo

Nicanor Parra (gañador do premio Cervantes deste ano) non precisa facer as paces coa súa propia biografía. Non hai máis tempo ca o presente, el sábeo. Quedei engaiolada polo perfil de Nicanor Parra enmarcado, como se dun cadro se tratara, nunha foto no xornal. Pareceume un fascinante delirio de alerta e porosidade, estaba presente o sangue sabio da antigüidade, nesa silueta encadrada na xanela da súa casa de subxacentes epopeas, na costa chilena. O seu aspecto é o de quen se deixa tocar e ferir pola vida dun xeito oceánico ata que a vida se constitúa en emoción. Ese interior existencialista de mente antisentimentaria é o que reflicte o contido dese cadro-fotografía, o seu perfil poderoso é un espazo de resistencia, é un tributo para combater á fragilidade humana. Desá imaxe saen voces que semellan esvaecerse para non destruírse nun momento de cataclismo. Vida-dignidade-valentía agroman dos versos de Nicanor Parra como dun buril delicado de ferro que fura o íntimo e cotián. O poeta é un proxectil sentimental coa sangue dos antergos esvarando polos seus versos. Dende o latexo dos seus fonemas, dende a oceánica poética de Parra, creo na inexistencia do real, na mudez dos sons que me achegan aos versos deste deus-ateo. Parra é a cosmovisión alternada, non tenta vertebrar o seu “delirio”, sabe que nada é de todo preciso. Ten a forza suficiente para disipar espellismos perdéndose nelles, mentres mantén o desasosiego á altura esixida. Para ler ao novo premio Cervantes hai que saber escoitar o murmurio de franqueza que vive no cuarto do lado e que nos fala do esplendor do fracaso. Artesano da escrita, sabe que nada é interminábel, nin o debuxo das letras. Nicanor Parra nace do río, bandido revolucionario non sosega de golpe os seus versos en remuíño incandescente, pola contra, céibaos ao vento como pombas para convocar ao bafo da liberdade, para afastarse desta sociedade hipócrita e antinatural. Solitario-errante nas emocións ten un proceso creativo fascinante. A súa voz contundente, rotunda e diferente caza vivencias e restaura o canto da liberdade, e vai máis aló, canibaliza á utopía para non perder de vista á rebeldía. Coreógrafo dos sentimentos máis fondos habita un espazo espido que se mergulla na experiencia humana para preguntarse: “xa non hai tempo para o susurro, ninguén escoita xa ao silencio?”.

Proust tiña a desesperación de salvar —algún sentido— antes de que a morte destruíra todo. Parra déixase convidar por esta coa mesma naturalidade que entrega semente á terra para que xermine.